

Facendo uso da citada habilitación, e considerando que entre as previsións económicas do Goberno figura a do mantemento do poder adquisitivo de salarios e pensións, resulta necesario que, como medida complementaria, se produza unha actualización dos tramos da escala de retencións regulada no artigo 83.1 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, aplicable aos rendementos do traballo a que se refire o artigo 78.1.1.º do citado regulamento, de maneira que parte da vantaxe obtida non se vexa compensada como consecuencia da posterior aplicación dunha escala de retencións allea á elevación de rendas nominais.

En consecuencia, procédese a modificar o citado número 1 do artigo 83 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, e deflaciónase nun dous por cento cada un dos tramos da tarifa considerada nel.

Por outra parte, a alínea a) do número 2 do artigo 17 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2004, do 5 de marzo, establece a determinación regulamentaria do salario medio anual do conxunto dos declarantes no imposto, magnitude que intervéñen no cálculo da contía máxima sobre a cal se aplica, se é o caso, a redución do 40 por cento dos rendementos do traballo que deriven do exercicio de opcións de compra sobre accións ou participacións polos traballadores. Este real decreto modifica o número 4 do artigo 10 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, para actualizar a contía desta magnitude.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de decembro de 2004,

## DISPÓÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo.*

O Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 4 do artigo 10 queda redactado como segue:

«4. A contía do salario medio anual do conxunto de declarantes do imposto, a que se refire o artigo 17.2.a) da Lei do imposto, será de 19.600 euros.»

Dous. O número 1 do artigo 83 queda redactado como segue:

«1. Con carácter xeral, a cota de retención obtense aplicando á base para calcular o tipo de retención, sempre que esta sexa positiva, as porcentaxes que se indican na seguinte escala:

| Base para calcular o tipo de retención<br>—<br>Até euros | Cota de retención<br>—<br>Euros | Resto base para calcular o tipo de retención<br>—<br>Até euros | Tipo aplicable<br>—<br>Porcentaxe |
|----------------------------------------------------------|---------------------------------|----------------------------------------------------------------|-----------------------------------|
| 0                                                        | 0,00                            | 4.080                                                          | 15                                |
| 4.080                                                    | 612,00                          | 9.996                                                          | 24                                |
| 14.076                                                   | 3.011,04                        | 12.240                                                         | 28                                |
| 26.316                                                   | 6.438,24                        | 19.584                                                         | 37                                |
| 45.900                                                   | 13.684,32                       | En diante                                                      | 45».                              |

## Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2005.

Dado en Madrid o 23 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno  
e ministro de Economía e Facenda,  
PEDRO SOLBES MIRA

# MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**21562** *REAL DECRETO 2352/2004, do 23 de decembro, sobre a aplicación da condicionalidade en relación coas axudas directas no marco da política agrícola común. («BOE» 309, do 24-12-2004.)*

Os principios do desenvolvemento sustentable encóntranse recollidos tanto na Constitución española como no Tratado da Unión Europea, polo que se integran en todas as políticas públicas.

A política agrícola común (en diante, PAC), desde os anos 90, foi integrando progresivamente as novas demandas da sociedade europea. Neste sentido, o ambiente, a saúde pública, a sanidade e o benestar animal son algúns dos novos condicionantes da PAC. A actual reforma da PAC seguiu aprofundando nesta temática: reforzou o concepto de eco-condicionalidade que se xestou na Axenda 2000 e acuñou un novo concepto, a condicionalidade, que inclúe non só as boas condicións agrarias e ambientais, senón tamén os denominados requisitos legais de xestión.

O Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común, introduce a obriga dos agricultores e gandeiros que reciben pagamentos directos de cumpriren cos requisitos legais de xestión citados no seu anexo III, e coas boas condicións agrarias e ambientais enunciadas no seu anexo IV.

O citado regulamento derroga o regulamento (CE) n.º 1259/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común, con excepción de determinadas disposicións en que se establecen réximes facultativos e temporais específicos. En España establecéronse disposicións de aplicación deste regulamento mediante o Real decreto 1322/2002, do 13 de decembro, sobre requisitos agroambientais en relación coas axudas directas no marco da política agrícola común, que se derroga por este real decreto.

O Regulamento (CE) n.º 1782/2003 obriga os Estados membros a definir os requisitos mínimos das boas condicións agrarias e ambientais.

O Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, polo que se establecen disposicións para a aplicación da condicionalidade, a modulación e o sistema integrado de xestión e control previstos no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agriculto-

res, establece as bases do sistema de control da condicionalidade e a base das reducións e exclusións; serán os Estados membros os que deberán establecer os sistemas concretos para controlar o seu cumprimento.

O incumprimento destas condicións e requisitos suporá para o beneficiario dos pagamentos directos unha diminución, e incluso exclusión, destes. O sistema de reducións e exclusións das axudas directas a través da condicionalidade ten como obxectivo constituír un incentivo para que os agricultores respecten a normativa existente nos seus diferentes ámbitos, contribuíndo deste modo a que o sector agrario cumpra cos principios do desenvolvemento sustentable.

Por todo o anterior, resulta necesario establecer o conxunto de boas prácticas agrarias cun mínimo nivel de exixencias para todo o territorio nacional, e un sistema de control, que eviten distorsións entre explotacións e orientacións produtivas, pero que dispoñan, pola súa vez, da suficiente flexibilidade para permitir a súa adaptación ás distintas condicións locais.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de decembro de 2004,

## DISPÓÑO:

### Artigo 1. *Obxecto da norma e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as boas condicións agrarias e ambientais que deberá cumprir o agricultor conforme a condicionalidade das axudas directas da política agrícola común, de conformidade co Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común, e, así mesmo, establecer un sistema para a aplicación dos controis e as reducións nos pagamentos, ou a súa exclusión, de conformidade co Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, polo que se establecen disposicións para a aplicación da condicionalidade, a modulación e o sistema integrado de xestión e control previstos no regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello.

### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as definicións contidas no regulamento (CE) n.º 1782/2003 e no regulamento (CE) n.º 796/2004, así como as seguintes:

a) Labrar a terra: alterar e remover mediante instrumentos mecánicos o perfil do solo nunha profundidade igual ou superior a 20 cm.

b) Recinto SIGPAC ou recinto: cada unha das superficies continuas dentro dunha parcela con uso agrícola único dos definidos dentro do Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (SIGPAC).

c) Pendente: a inclinación media do terreo calculada nun recinto SIGPAC a partir dun modelo dixital de elevacións, composto por unha malla de puntos cunha equidistancia entre estes dun máximo de 20 metros e unha precisión similar á da cartografía 1:10.000.

d) Parcela de forma complexa: aquela en que as operacións de labra se ven dificultadas pola existencia de ángulos vivos e, en consecuencia, por mínimos e cambiantes raios de xiro.

e) Solo saturado: aquel solo en que todos os seus poros están cheos de auga.

f) Terrazas de retención: os ribazos provistos de vexetación herbácea, arbustiva ou arbórea; as terrazas e gabias de contorno no caso de labra a nivel e as barreiras vivas vexetais perpendiculares á pendente que, mediante o control das escorregas, protexen o solo da erosión.

g) Carga gandeira efectiva: o gando, calculado en unidades de gando maior (UGM), que, por hectárea de superficie forraxeira, se mantén principalmente a base a recursos naturais propios.

h) Vexetación espontánea invasora: aquelas especies vexetais que, aínda que non poñan en risco a capacidade produtiva dos solos agrícolas a medio e longo prazo, ameacen, coa súa proliferación, con romper o tradicional equilibrio agroecolóxico dun predio ou zona de cultivo determinada e con afectar por extensión os campos de cultivo circundantes.

i) Alteración significativa da estrutura dos terreos: aquelas actuacións de reforma estrutural que inclúen cambios de usos do solo e modificación de elementos estruturais horizontais e verticais, levadas a cabo nunha superficie de máis de cinco hectáreas, así como a construción de infraestruturas.

j) Explotacións gandeiras en establecemento permanente e semipermanente: aquelas explotacións que dispoñen de edificacións e espazos onde se concentra o gando destinadas á gardaría ou á cría intensiva de todo tipo de animais.

k) Agricultura de conservación: as diversas prácticas agronómicas adaptadas a condicións locais dirixidas a alterar o menos posible a composición, estrutura e biodiversidade dos solos agrícolas, evitando así a súa posterior erosión e degradación. Entre diversas modalidades e técnicas de agricultura de conservación inclúense: a semente directa –na labra–; a mínima labra –labra reducida, onde non se incorporan, ou só parcialmente e en moi breves períodos, os residuos de colleita–, e o establecemento de cubertas vexetais entre sucesivos cultivos anuais ou entre ringleiras de árbores en plantacións de cultivos leñosos.

l) Refinación de terras: aquelas operacións de acondicionamento da superficie do solo dos bancais e terras de regadío, destinadas a mellorar a eficiencia de uso da auga e facilitar a práctica da rega, realizadas sobre parcelas de cultivo, en que se utilizan métodos de rega por superficie e inundación.

### Artigo 3. *Requisitos legais de xestión.*

Os agricultores e gandeiros que reciban pagamentos directos estarán suxeitos ao cumprimento dos requisitos legais de xestión previstos no anexo III do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, desde as datas de aplicación que nel se citan, e cuxa incorporación na normativa estatal se relaciona no anexo deste real decreto.

### Artigo 4. *Boas condicións agrarias e ambientais.*

Os produtores que reciban pagamentos directos estarán suxeitos ao cumprimento das boas condicións agrarias e ambientais que se relacionan:

1. Condicións exixibles para evitar a erosión.

a) Labra adaptada ás condicións da pendente.

Para estes efectos, teranse en conta os seguintes criterios:

1.º Nas superficies que se destinen a cultivos herbáceos, non deberá labrarse a terra na dirección da pendente cando, no recinto cultivado, a pendente media exceda o 10 por cento.

2.º Non deberá labrarse a terra en cultivos de viñedo, oliveiral e froitos secos en recintos con pendentes iguais ou superiores ao 15 por cento, salvo que se adopten formas de cultivo especiais como bancais, cultivo en faixas,

se practique unha labra de conservación ou se manteña unha cobertura de vexetación total do solo. En caso de existencia de bancais, será obrigatorio evitar calquera tipo de labores que afecten a estrutura dos noiros existentes.

O disposto nos parágrafos anteriores non será de aplicación no caso de parcelas de cultivo de superficie igual ou inferior a unha hectárea, nas de forma complexa e cando por razóns de mantemento da actividade produtiva tradicional a Administración competente determine e autorice aquelas técnicas de agricultura de conservación que se consideren adecuadas. En todos os supostos, a implantación do cultivo farase o máis rapidamente posible, para evitar que o solo poida verse afectado pola erosión.

b) Cobertura mínima do solo.

1.º Cultivos herbáceos.

Nas parcelas agrícolas que se sementen con cultivos herbáceos de inverno, non se deberá labrar o solo entre a data de recolección da colleita anterior e o 1 de setembro, data que se establece como referencia do inicio da presemteira.

Non obstante, para favorecer a implantación da cuberta vexetal con cultivos herbáceos e por razóns agromómicas, como as dobres colleitas, climáticas e de tipoloxía de solos, poderanse establecer en certas zonas datas de inicio de presemteira máis adaptadas ás súas condicións locais, así como técnicas adecuadas de labra.

2.º Cultivos leñosos.

No caso de se manter o solo nu na contorna das oliveiras mediante a aplicación de herbicidas, será necesario manter unha cuberta vexetal nas rúas transversais á liña de máxima pendente.

Non arrincar ningún pé do resto de cultivos leñosos de secaño situados en parcelas de pendente igual ou superior ao 15 por cento, naquelas zonas en que así se estableza, e respectar as normas destinadas á súa reconversión cultural e varietal e aos cambios de cultivo ou aproveitamento.

3.º Terras de barbeito, de retirada e non cultivadas.

Nas terras de cultivo de retirada, tanto obrigatoria como voluntaria, así como nas destinadas ao barbeito propiamente dito, realizaranse opcionalmente: prácticas tradicionais de cultivo, de mínima labra ou de mantemento dunha cuberta vexetal adecuada, ben sexa espontánea ben mediante a sementeira de especies mellorantes. Todo iso para minimizar os riscos de erosión, de aparición de incendios, malas herbas, pragas e enfermidades, de conservar o perfil salino do solo, a súa capacidade produtiva e favorecer o incremento da biodiversidade. As aplicacións de herbicidas autorizados serán efectuadas con aqueles que non teñan efecto residual e sexan de baixa perigosidade.

Aquelas terras distintas das anteriores, isto é, non cultivadas, non destinadas ao pastoreo nin utilizadas para activar dereitos por retirada, deberán cumprir as mesmas condicións de mantemento exixidas para o barbeito, aínda que neste caso non se poderán aplicar herbicidas. Polo contrario, poderanse realizar cantos labores de mantemento sexan precisos para a eliminación de malas herbas e de vexetación invasora arbustiva e arbórea.

De forma alternativa ás prácticas anteriormente sinaladas e con fins de fertilización, poderase incorporar unha cantidade máxima total de 20 toneladas por hectárea (t/ha) de esterco ou 40m<sup>3</sup>/ha de xurro nun período de tres anos, sempre que o solo posúa unha cuberta vexetal ou estea prevista a súa inmediata implantación, cumprindo en todo caso o disposto no Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre a protección de augas contra a conta-

minación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias. O control das malas herbas farase de acordo cos criterios anteriormente expostos para cada tipo de terras.

4.º Áreas con elevado risco de erosión.

En áreas con elevado risco de erosión, débense respectar as restricións, pautas de rotación de cultivos, incluídas as emendas orgánicas, así como os tipos de cuberta vexetal que estableza a Administración competente para evitar a degradación e a perda de solos e hábitats naturais.

c) Mantemento das terrazas de retención.

As terrazas de retención deberán manter en bo estado de conservación, coa súa capacidade de drenaxe, así como os ribazos e camallóns existentes, evitando os aterramentos e derrubamentos e, moi especialmente, a aparición de cárcavas, e deberase proceder á súa reparación ou a adoptar as medidas necesarias, en cada caso.

2. Condicións exixibles para conservar a materia orgánica do solo. Xestión de restrebeiras e de restos de poda.

a) Deberase respectar a prohibición de queima de restollos en todo o ámbito nacional, salvo que, por razóns fitosanitarias, sexa promovida pola autoridade competente ou autorizada por ela. A queima, que deberá ser autorizada, estará condicionada ao cumprimento das normas establecidas en materia de prevención de incendios, e en particular, as relativas á anchura mínima dunha franxa perimetral cando os terreos lindan con terreos forestais.

b) A eliminación dos restos de colleita no caso de cultivos herbáceos e dos de poda de cultivos leñosos deberá realizarse sempre conforme a normativa establecida.

3. Condicións exixibles para evitar a compactación e manter a estrutura dos solos. Utilización da maquinaria adecuada.

En solos saturados, así como en terreos encharcados, salvo os de arroceira, ou con neve, non deberá realizarse a labra nin pasar ou permitir o paso de vehículos sobre o terreo, salvo naqueles casos considerados de necesidade pola autoridade competente.

Para estes efectos, considéranse casos de necesidade os relacionados coas operacións de recolección de colleitas, fertilización de cobertura, de tratamentos fitosanitarios, de manexo e de subministración de alimentación ao gando, que coincidan accidentalmente con épocas de chuvias. En tales supostos, a presenza de pegadas de rodadura de vehículos de máis de 15 cm de profundidade non superará o 25 por cento da superficie da parcela para o caso de recolección de colleitas e o 10 por cento no resto de actividades.

4. Condicións exixibles para garantir un mantemento mínimo das superficies agrícolas.

a) Protección dos pastos permanentes.

1.º Non se poderán queimar nin cavar os pastos permanentes, salvo para labores de rexeneración da vexetación, e no caso de rexeneración mediante queima será necesaria a previa autorización e o control da Administración competente. En todo caso, será obrigatoria a adopción de medidas destinadas á protección do arboredo na zona da queima e o seu contorno.

2.º Para garantir o bo manexo dos pastos permanentes, o agricultor poderá optar por manter un nivel mínimo de carga gandeira efectiva que será sempre igual ou superior a 0,1 UGM/ha. Por riba deste nivel mínimo poderanse establecer, conforme o tipo de pasto e as condicións locais, os niveis mínimos e máximos de carga gan-

deira efectiva que se consideren máis apropiados en función de distintos agro-ecosistemas. De forma alternativa, en caso de non acadar os oportunos niveis de carga gandeira efectiva, será requisito obrigatorio realizar un labor de mantemento adecuado que evite a degradación do pasto permanente de que se trate e a súa invasión por mato.

b) Prevención da invasión da vexetación espontánea non desexada nos terreos de cultivo.

Será obrigatoria a limpeza das parcelas de cultivo invadidas por vexetación espontánea non desexada. A Administración competente determinará, para cada zona, o ciclo temporal e a lista de especies vexetais que é necesario eliminar.

Tal obrigación quedará sen efecto unicamente naquelas campañas excepcionais en que, como consecuencia de condicións meteorolóxicas adversas, resultase imposible proceder no momento adecuado á súa eliminación.

c) Mantemento dos oliveirais en bo estado vexetativo.

Non arrincar oliveiras e, nas zonas onde así se establece, respectar as normas que se establezan para o mantemento dos oliveirais en bo estado vexetativo, a súa reconversión cultural e varietal e para os cambios de cultivo ou aproveitamento.

5. Condicións exixibles para evitar a deterioración dos hábitats.

a) Mantemento da estrutura do terreo.

Para manter as particularidades e características topográficas dos terreos tales como lindeiros e outros elementos estruturais, non se poderá efectuar unha alteración significativa destes sen a autorización da autoridade competente. Exceptúanse desta obriga a construción de paradas para corrección de enxurradas, regueiros e bancais, así como as operacións de refinación de terras que se realicen naquelas parcelas que se vaian dedicar ao cultivo do arroz e outros de regadío.

b) Auga e rega.

1.º Para o caso de superficies de regadío que utilicen caudais procedentes de acuíferos legalmente declarados como sobreexplotados, o agricultor deberá acreditar o seu dereito mediante o correspondente documento administrativo, expedido pola Administración hidráulica competente.

2.º Os titulares das concesións administrativas de augas e todos aqueles que por calquera outro título teñan dereito ao seu uso privativo estarán obrigados a instalar e manter os sistemas de medición da auga de rega establecidos polos respectivos organismos de bacía, de forma que garantan unha información precisa sobre os caudais de auga efectivamente utilizados e, se é o caso, retornados.

3.º Non se poderán aplicar produtos fitosanitarios, fertilizantes, lodos de depuradora, compost, xurros ou esterco sobre terreos encharcados ou con neve e sobre augas correntes ou estancadas. Exceptúase desta prohibición a aplicación de tratamentos fitosanitarios en parcelas de cultivo de arroz e noutros cultivos cando a realización dos devanditos tratamentos coincida accidentalmente con épocas de chuvias.

c) Almacenamento de esterco gandeiros.

Para evitar o risco de filtración e contaminación das augas superficiais e subterráneas, as explotacións gandeiras en estabulación permanente ou semipermanente deberán dispor e utilizar tanques de almacenamento ou fosas, esterqueiras e balsas impermeabilizadas natural ou artificialmente, estancas e con capacidade adecuada.

#### Artigo 5. *Pastos permanentes.*

O agricultor ou gandeiro titular de superficies dedicadas a pastos permanentes aterase ás exixencias previstas na normativa comunitaria, así como ás que establezan, se é o caso, as comunidades autónomas, co obxecto de prever que a superficie total de pastos permanentes sufra unha redución significativa conforme o previsto no artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e no artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 796/2004, no cal se recollen as marxes de redución anuais admisibles respecto da proporción de referencia para o ano 2003.

No suposto de superación no nivel nacional das citadas marxes e de acordo co establecido no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 796/2004, as autoridades competentes das comunidades autónomas en que se prodúcese a dita superación poderán establecer as obrigas de carácter individual que sexan necesarias, sen prexuízo da competencia de coordinación que corresponde ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

#### Artigo 6. *Coordinación, control e pagamento.*

1. O Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, será a autoridade nacional encargada do sistema de coordinación dos controis da condicionalidade, no sentido do artigo 23.3 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas, como autoridades responsables no seu ámbito territorial das actividades de control, designarán os correspondentes órganos ou organismos de control para asegurar a observancia dos requisitos legais de xestión nos ámbitos enumerados no artigo 4.1 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, así como, se é o caso, para velar polo cumprimento das boas condicións agrarias e ambientais, salvo que, de acordo co disposto no artigo 42.2 do Regulamento (CE) n.º 796/2004, o organismo pagador realice tamén os controis de todos ou algúns dos ámbitos de aplicación da condicionalidade. As funcións de control no ámbito da condicionalidade poderán ser desempeñadas polos organismos pagadores autonómicos, sempre que a comunidade autónoma respectiva garanta que a eficacia dos controis sexa igual, polo menos, á conseguida cando estes os realiza un órgano ou organismo de control.

3. As autoridades para o cálculo da axuda, as reducións e exclusións e o pagamento das axudas son os organismos pagadores das comunidades autónomas.

#### Artigo 7. *Sistema de control.*

1. As autoridades competentes das comunidades autónomas comunicaranlle ao FEGA os órganos ou organismos especializados de control ou, se é o caso, os organismos pagadores que exercerán esa función. O FEGA comunicará esta información a todos os organismos pagadores.

O organismo pagador competente para o pagamento da axuda comunicarlles ás autoridades de control correspondentes do ámbito territorial en que radiquen as explotacións a información necesaria sobre os agricultores que soliciten pagamentos directos para que aquelas poidan realizar os controis pertinentes.

2. Os métodos que se aplicarán para a selección das mostras axustaranse ao disposto nos artigos 44 e 45 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 e ás seguintes normas:

a) Os controis realizaranse sobre o un por cento, como mínimo, do número total de solicitudes de axudas directas presentadas, porcentaxe que se poderá incrementar de acordo coa análise de risco que se estableza, tendo en conta as normas ou requisitos, tipos de explotacións ou zonas do territorio.

b) Cando dos controis sobre o terreo, efectuados durante unha campaña, se deduza un importante grao de incumprimento nalgún ámbito da condicionalidade, incrementarase o número de controis que haxa que realizar no período de control seguinte.

As características e amplitude dos controis axustaranse ao disposto nos artigos 46 e 47 do Regulamento (CE) n.º 796/2004.

3. Os controis sobre o terreo efectuados deberán ser obxecto dun informe de control que se axustará ao disposto nos artigos 48 e 65 do Regulamento (CE) n.º 796/2004.

Os órganos ou organismos encargados da execución dos controis remitirán os informes ao organismo pagador da comunidade autónoma que deba efectuar o pagamento, así como ao FEGA, de acordo co previsto nos artigos 9.e) e 48.3 e nos prazos establecidos para iso no Regulamento (CE) n.º 796/2004.

4. As reducións e exclusións dos pagamentos efectuadas polos organismos pagadores axustaranse ao disposto no artigo 9.

#### Artigo 8. *Plans de control.*

1. O FEGA, en colaboración coas comunidades autónomas, elaborará un plan nacional de control, no cal se recollerá calquera aspecto que se considere necesario para a realización coordinada dos controis sobre o terreo e, se é o caso, dos controis administrativos. Este plan elaborase de conformidade cos criterios especificados no Regulamento (CE) n.º 796/2004 e coas normas do artigo 7 deste real decreto.

2. Os plans autonómicos de control axustados aos criterios xerais do plan nacional comunicaránse ao FEGA no primeiro trimestre de cada ano.

#### Artigo 9. *Redución ou exclusión do beneficio dos pagamentos directos.*

1. Cando non se respecten as boas condicións agrarias e ambientais ou os requisitos legais de xestión como consecuencia dunha acción ou omisión directamente atribuíble ao agricultor, o importe total dos pagamentos directos que se deba aboar reducirase ou anularase conforme o disposto nos artigos 66, 67, 68 e 71 do Regulamento (CE) n.º 796/2004.

2. Os importes das retencións efectuadas por incumprimentos da condicionalidade que non se aboan á Sección Garantía do FEOGA en aplicación do artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 corresponderán ás comunidades autónomas de forma proporcional ás contías retidas en cada unha delas.

#### Artigo 10. *Coordinación e comunicacións entre administracións públicas.*

1. O FEGA, como organismo de coordinación de organismos pagadores, recibirá a información prevista no artigo 76 do Regulamento (CE) n.º 796/2004, da cal dará traslado á Comisión Europea.

2. Para que se poida cumprir o establecido no punto 1 do artigo 76 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 nos prazos previstos, as comunidades autónomas remitiranlle ao

FEGA, antes do 28 de febreiro de cada ano, en relación cos réximes de axuda por superficie, e antes do 31 de xullo de cada ano, en relación coas primas gandeiras, un informe correspondente ao ano civil anterior, que recolla o estado de aplicación dos controis dos requisitos de condicionalidade, os organismos de control competentes encargados dos controis dos requisitos de condicionalidade, así como a restante información a que se refire o dito punto.

3. Para cumprir o establecido no punto 2 do artigo 76 do Regulamento (CE) n.º 796/2004, a comunidades autónomas remitiranlle ao FEGA, antes do 30 de setembro de cada ano, a información relativa á superficie declarada polos solicitantes como pastos permanentes, así como á superficie agraria total declarada.

Así mesmo e en relación co ano de referencia, antes do 30 de setembro de 2005, as comunidades autónomas remitirán as superficies de pastos permanentes declaradas polos produtores en 2003 máis as superficies declaradas como pastos permanentes na solicitudes de axuda de 2005 que non foron declaradas para ningunha utilización en 2003, salvo os pasteiros que non se dedicaban a pastos permanentes en 2003, sempre que en 2005 sexan pastos permanentes e como tales se inclúen na solicitude de axuda. Deberanse descontar os pastos permanentes declarados en 2003 que se forestasen a partir dese ano.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1322/2002, do 13 de decembro, sobre requisitos agroambientais en relación coas axudas directas no marco da política agraria común.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.ª da Constitución, que lle reserva ao Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

1. Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto e, en especial, para realizar os cambios precisos, exclusivamente para a seguinte campaña, que deriven das modificacións da normativa comunitaria. Así mesmo, facúltase para modificar as datas a que se refire o artigo 10.

2. Así mesmo, sen prexuízo da aplicación deste real decreto, facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, se é o caso, as disposicións específicas para a aplicación e adaptación do sistema da condicionalidade das axudas directas ás peculiaridades propias da Comunidade Autónoma de Canarias.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2005.

Dado en Madrid o 23 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,  
ELENA ESPINOSA MANGANA

## ANEXO

## Requisitos legales de gestión (normas comunitarias y estatales)

| DATA DE APLICACIÓN | ÁMBITOS        | DIRECTIVAS E REGULAMENTOS COMUNITARIOS                                                                                | ARTIGOS DE REFERENCIA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | NORMAS NACIONAIS DE REFERENCIA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|--------------------|----------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1 / 1 / 2005       | Medio Ambiente | 1. Dir. 79/409 conservación das aves silvestres.                                                                      | <p>Art. 3: obrigatoriedade de establecer medidas de protección de hábitats e superficies para todas as especies de aves.</p> <p>Art. 4: Zonas de protección espacial para unha lista de 181 especies de aves (anexo 1). Parágrafos 1,2, e 4.</p> <p>Art. 5: Réxime xeral de protección para todas as especies de aves.</p> <p>Art. 7 e 8: Regulación da caza de aves.</p>                     | <p>Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Real decreto 1095/1989, do 8 de setembro, polo que se declaran as especies obxecto de caza e pesca e se establecen normas para a súa protección.</li> <li>- Real decreto 118/1989, do 15 de setembro, polo que se determinan as especies de caza e pesca comercializables, e se ditan normas ao respecto.</li> <li>- Real decreto 439/1990, do 30 de marzo, polo que se regula o Catálogo Nacional de Especies ameazadas.</li> <li>- Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuir a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.</li> </ul> |
|                    |                | 2. Dir. 80/68 protección das augas subterráneas contra a contaminación.                                               | <p>Art. 4: Medidas para impedir a introdución de determinadas substancias perigosas (enumeranse na lista 1) as augas subterráneas.</p> <p>Art. 5: Sobre a base dunha lista de substancias (lista 2 que inclúe 20 metais e biocidas) os Estados membros someterán a unha investigación previa toda vertedura ou depósito destas substancias.</p>                                               | Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
|                    |                | 3. Dir. 86/278 protección do ambiente e en particular dos solos na utilización dos lodos de depuradora en gricultura. | <p>Art. 3: Determina que os Estados membros deberán establecer as condicións que permitan a utilización en agricultura dos lodos residuais producidos en estacións de depuración que tratan augas residuais domésticas ou urbanas.</p> <p>Art. 4: Os Estados membros deberán definir códigos de boas prácticas agrarias que poderán ser aplicados de forma voluntaria polos agricultores.</p> | <p>Real decreto 1310/1990, do 29 de outubro, sobre utilización dos lodos de depuración no sector agrario.</p> <p>Orde de 26 de outubro de 1993, que desenvolve o Real decreto 1310/1990, do 29 de outubro, sobre utilización dos lodos de depuración no sector agrario.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|                    |                | 4. Dir. 91/676 protección das augas contra a contaminación producida por nitratos.                                    | Art. 5: Os Estados membros deben establecer programas de acción xa sexa de aplicación en todas as zonas vulnerables designadas, ou máis específicos para cada zona vulnerable ou parte da dita zona. Así mesmo, establécense as medidas que deben conter os programas de acción e a obrigatoriedade de elaborar e executar programas de control.                                              | Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |

| DATA DE APLICACIÓN | ÁMBITOS                              | DIRECTIVAS E REGULAMENTOS COMUNITARIOS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   | ARTIGOS DE REFERENCIA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | NORMAS NACIONAIS DE REFERENCIA                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
|--------------------|--------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                    | Saúde pública e sanidade dos animais | <p>5. Dir. 92/43 conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   | <p>Art. 6: Fixación de medidas de conservación nas Zonas Especies de Conservación a través de plans de xestión ou mediante medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais. Avaliación de calquera proxecto ou plan.</p> <p>Art. 13: Medidas de protección para determinadas especies vexetais.</p> <p>Art. 15: Regulación da captura ou sacrificio de determinadas especies de fauna silvestre.</p> <p>Art. 22 ( b ) : Regulación da entrada de especies non autóctonas.</p> | <p>Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres</p> <p>Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuir a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.</p> |
|                    |                                      | <p>6. Dir. 92/102 identificación e rexistro de animais. (Ver 8.bis)</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | <p>Art. 3: Rexistro de explotacións por parte dos Estados membros.</p> <p>Art. 4: Condicións dos rexistros das explotacións de animais da especie bovina, porcina e ovina.</p> <p>Art. 5: Requisitos de identificación dos animais e do movemento de animais.</p>                                                                                                                                                                                                                      | <p>Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina, ovina e caprina.</p> <p>Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.</p>              |
|                    |                                      | <p>7. Regulamento (CE) n.º 2629/97 sistema de identificación e rexistro de animais da especie bovina.</p> <p>Derrogado polo Regulamento (CE) n.º 911/2004, da Comisión, do 29 de abril de 2004, polo que se aplica o Regulamento (CE) non 1760/2000 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de xullo de 1997, no que respecta ás marcas auriculares, os pasaportes e os rexistros de explotacións.</p> | <p>Art. 6: Requisitos e condicións do pasaporte para o movemento de bovinos.</p> <p>Art. 8: Condicións do rexistro de animais da especie bovina.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
|                    |                                      | <p>8. Regulamento (CE) n.º 1760/2000 Sistema de identificación e rexistro de bovinos e etiquetaxe da carne de vacún e dos seus produtos.</p>                                                                                                                                                                                                                                                             | <p>Art. 4: Requisitos e condicións da marcación auricular.</p> <p>Art. 7: Requisitos e condicións do pasaporte e do rexistro de animais</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | <p>Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina</p>                                                                                                                                                                  |

| DATA DE APLICACIÓN              | ÁMBITOS                                                 | DIRECTIVAS E REGULAMENTOS COMUNITARIOS                                                                                                                                                                                                                                                                                            | ARTIGOS DE REFERENCIA               | NORMAS NACIONAIS DE REFERENCIA                                                                                                                                                          |
|---------------------------------|---------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                 |                                                         | 8. bis)<br>Regulamento (CE) n.º 21/2004 do Consello, do 17 de decembro de 2003, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e as Directivas 92/102/CEE e 64/432/CEE (DO L 5 de 9.1.2004, p. 8)                          | Artigos 3, 4 e 5                    |                                                                                                                                                                                         |
| Aplicable a partir do 1/01/2006 |                                                         | 9. Directiva 91/414/CEE do Consello, de 15 de xullo de 1991, relativa á comercialización dos produtos fitosanitarios (DO L 230, 19.8.1991, p.1)                                                                                                                                                                                   | Artigo 3                            | Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios.                 |
|                                 | Saúde pública e cuestións veterinarias e fitosanitarias | 10. Directiva 96/22/CE do Consello, do 29 de abril de 1996, pola que se prohibe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e substancias $\beta$ -agonistas na cría de gando e pola que se derogan as Directivas 81/602/CEE, 88/146/CEE e 88/299/CEE (DO L 125, 23.5.1996, p.3)                          | Artigos 3, 4, 5 e 7.                | Real decreto 2178/2004, do 12 de novembro, polo que se prohibe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e substancias beta-agonistas de uso na cría de gando |
|                                 |                                                         | 11. Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria (DO L 31, 1.2.2002, p.1) | Artigos 14, 15, 17 (1), 18, 19 e 20 |                                                                                                                                                                                         |
|                                 | Saúde pública e cuestións veterinarias e fitosanitarias | 12. Regulamento (CE) n.º 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles (DO L 147, 31.5.2001 p.1)                                                              | Artigos 7, 11, 12, 13 e 15          | Lei 26/2001, do 27 de decembro, pola que se establece o sistema de infraccións e sancións en materia de encefalopatías esponxiformes transmisibles.                                     |

| DATA DE APLICACIÓN              | ÁMBITOS                      | DIRECTIVAS E REGULAMENTOS COMUNITARIOS                                                                                                                                                                                                                                   | ARTIGOS DE REFERENCIA | NORMAS NACIONAIS DE REFERENCIA                                                                                                                                                                   |
|---------------------------------|------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Aplicable a partir do 1/01/2006 | Notificación de enfermidades | 13. Directiva 85/511/CEE do Consello, do 18 de novembro de 1985, pola que se establecen medidas comunitarias de loita contra a febre aftosa (DO L 315, 26.11.1985, p.11)                                                                                                 | Artigo 3              | Real decreto 2179/2004, do 12 de novembro, polo que se establecen medidas de loita contra a febre aftosa.                                                                                        |
|                                 |                              | 14. Directiva 92/119/CEE do Consello, do 17 de decembro de 1992, pola que se establecen medidas comunitarias xerais para a loita contra determinadas enfermidades de animais e medidas específicas respecto á enfermidade vesicular porcina (DO L 327, 22.12.2000, p.74) | Artigo 3              | Real decreto 654/1994, do 15 de abril, polo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas enfermidades dos animais e medidas específicas contra a enfermidade vesicular porcina. |
|                                 |                              | 15. Directiva 2000/75/CE do Consello, do 20 de novembro de 2000, pola que se aproban disposicións específicas relativas ás medidas de loita e erradicación da febre catarral ovina (DO L 327, 22.12.2000, p.74)                                                          | Artigo 3              | Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.                                             |
| Aplicable a partir do 1/01/2007 | Benestar animal              | 16. Directiva 91/629/CEE do Consello, do 19 de novembro de 1991, relativa ás normas mínimas para a protección de xatos (DO L 340, 11.12.1991, p.28)                                                                                                                      | Artigos 3 e 4         | Real decreto 1047/1994, do 20 de maio, relativa ás normas mínimas para a protección de xatos.                                                                                                    |
|                                 |                              | 17. Directiva 91/630/CEE do Consello, do 19 de novembro de 1991, relativa ás normas mínimas para a protección de porcos (DO L 340, 11.12.1991, p.33)                                                                                                                     | Artigo 3 e 4 (1)      | Real decreto 1135/2002, do 31 de outubro, relativa ás normas mínimas para a protección de porcos.                                                                                                |
|                                 |                              | 18. Directiva 98/58/CE do Consello, do 20 de xullo de 1998, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras (DO L 221, 8.8.1998, p.23)                                                                                                                      | Artigo 4              | Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras                          |